



ANUNCIO

EXTRACTO ACORDOS XUNTA DE GOBERNO DE 04.05.2016

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 4 de maio de 2016**.

1.- Aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do *27 de abril de 2016*.

2.- Concesión de licenza de proxecto de derribo de edificación tradicional existente, sita na rúa Concepción Arenal, nº 85 e rúa do Tombo s/n. Marín.

3.- Solicitude de subvención ao abeiro Orde do 21 de marzo de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións para o ano 2016 para a adxudicación de equipamento de emerxencias, en réxime de concorrência competitiva, a concellos de menos de 50.000 habitantes, mancomunidades ou agrupación de concello galegos, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020.

4.- Toma en coñecemento do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 29 de abril de 2016, no que se aproba a convocatoria de 15 bolsas para a realización de labores de información turística, entre outros, nas oficinas de turismo municipais da provincia de Pontevedra, que se rexerá segundo as bases publicadas no BOPPO núm. 83, do 2 de maio de 2016.

5.- Toma en coñecemento da Orde do 26 de abril de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a Asistencia técnica na elaboración de estratexias de sustentabilidade ambiental coa finalidade de integrar a adaptación ao cambio climático na xestión e planificación públicas, e se fai pública a súa convocatoria para o ano 2016, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020.

6.- Toma en coñecemento da Orde do 21 de abril de 2016, pola que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a promoción da información xuvenil e para a realización de actividades dirixidas á xuventude no ámbito da educación non formal e da participación duran o ano 2016, e se procede á súa convocatoria.

7.- Rogos e preguntas. Non se formulan

ASUNTOS URXENTES.- Previa declaración de urxencia en forme regulamentaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acordou incluír na orde do día os seguintes asuntos **para o seu coñecemento, debate e votación**.

8.- Toma en coñecemento da resolución de concesión de subvención ao abeiro da Orde do 23 de decembro de 2015 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalación e equipamentos vinculados a prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2016, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas pola Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural de Galicia 2014-2020 (DOG núm. 247, do 29 de decembro).